



DATOS IDENTIFICATIVOS

Ciencia política: Gobernanza, globalización e dereitos humanos

Materia	Ciencia política: Gobernanza, globalización e dereitos humanos			
Código	P07G092V01105			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Ricoy Casas, Rosa María			
Profesorado	Ricoy Casas, Rosa María			
Correo-e	rricoy@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			
	A materia pretende que o alumnado recoñeza o significado, os contidos e diversas teorizacións sobre a gobernanza, a globalización e os DDHH; identificar problemas éticos e morais a nivel internacional, analizando a relación da gobernanza coa mellora da calidade democrática, e o problema da corrupción e a desafección política. Así mesmo, que o alumnado sexa capaz de identificar os fundamentos da política internacional comparada nun contexto de globalización e os instrumentos para a concertación entre Estados.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo
B2	Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima
B3	Traballar en equipo e en contornas multidisciplinares
B4	Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público
B5	Razonar criticamente
C2	Recoñecer a estrutura e o funcionamento dos sistemas políticos e das institucións políticas
C3	Identificar os fundamentos da política comparada nun contexto de globalización
C12	Analizar a política internacional e/ou a estrutura e o funcionamento da Unión Europea
C15	Identificar as consecuencias que a toma de decisións e os actos dos servidores públicos teñen sobre as persoas e a sociedade. Particularmente, na solución de problemas éticos e morais, dentro da área da xestión e administración pública.
D1	Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria

D2	Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua estranxeira
D3	Sensibilizarse con temas medioambientais
D4	Dominar as TIC relacionadas coa titulación no ámbito académico e profesional
D5	Integrar a aprendizaxe autónoma

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Recoñece-lo significado, os contidos e diversas teorizacións sobre a gobernanza, laglobalización e os dereitos humanos.	A1	B1	C2	D1
	A2	B2	C3	D2
2. Enumerar diferentes tipos de consecuencias que a toma de decisións e os actos dosservidores públicos teñen sobre as persoas e a sociedade.	A3	B3	C12	D3
	A4	B4	C15	D4
3. Identifica-la solución de problemas éticos e morais a nivel internacional, analizando a relación da gobernanza coa mellora da calidade democrática, e o problema da corrupción e a desafección política.	A5	B5		D5

Contidos

Tema

TEMA 1.-INTRODUCCIÓN AOS DEREITOS HUMANOS Orixe e evolución dos dereitos.

Dereitos Humanos versus Dereitos Fundamentais.

Caracteres dos Dereitos Humanos.

As xeracións dos dereitos.

TEMA 2.-Os DEREITOS HUMANOS E AS SÚAS GARANTÍAS NUN CONTEXTO GLOBALIZADO

A Declaración Universal dos DDHH das Nacións Unidas.

Constitucionalismo multinivel e Dereitos Fundamentais (DDFF): concepto.

Dereito de produción interna: A Constitución española e os DDFF. O Tribunal Constitucional. A Defensoría do Pobo español. Os dereitos nos Estatutos de Autonomía.

A Carta de DDFF da Unión Europea (UE). O Tribunal de Xustiza UE como actor de constitucionalidade. A Defensoría do Pobo UE. O Supervisor Europeo de Protección de Datos.

O Consello de Europa e o Convenio para a protección dos DDFF e LLPP. O Tribunal Europeo de DDFF.

O Sistema Interamericano de DDHH.

TEMA 3.-INTRODUCCIÓN Á GLOBALIZACIÓN

Concepto. Primeiras teorizacións. A glocalización.

Posturas e dimensións ao redor da globalización.

A nova estrutura da globalización.

TEMA 4.-A POLÍTICA INTERNACIONAL NUN CONTEXTO INTERRELACIONADO

Principais actores internacionais. Instrumentos para a concertación entre Estados.

Principais políticas de dimensión global. Especial referencia ás relacionadas con:

-A igualdade e non discriminación.

-A protección do medio ambiente. A seguridade alimentaria. A Axenda 2030.

-A protección do patrimonio cultural

-A seguridade internacional nun mundo convulso (datos, terrorismo, enerxía, etc).

Política internacional comparada. Especial referencia ás relacións: EEUU □ Xapón - Unión Europea - China □ Korea do Norte - Rusia - Arabia Saudia, etc.

TEMA 5.-INTRODUCCIÓN Á GOBERNANZA

Concepto gobernanza. A orixe: da crise de gobernabilidade á invención da gobernanza.

A gobernanza como goberno en rede e como alternativa ao modelo xerencialista; a Nova Xestión Pública [NXP]. A gobernanza multinivel.

A gobernanza, a relativización do público e a permanencia da política. A sustancia, a utilidade e os requisitos da boa (democrática) gobernanza.

TEMA 6.-A GOBERNANZA E A MELLORA DA CALIDADE DEMOCRÁTICA: O PROBLEMA DA CORRUPCIÓN E A DESAFECCIÓN POLÍTICA.

O concepto de desafección política e as súas principais causas.

Os casos de corrupción e a deterioración da política.

Goberno relacional, gobernanza e liderado.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	0	30
Resolución de problemas	60	0	60
Estudo de casos	0	60	60

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición do contido temático dos distintos epígrafes referenciados nos contidos da materia. O profesor empregará como soporte os medios audiovisuais dispoñibles na aula. Terase en conta a participación activa do alumnado en clase e a demostración dos coñecementos adquiridos que tamén se avaliarán a través de probas tipo test.
Resolución de problemas	Análise, reflexión e exposición de cuestións que teñan que ver coas principais problemáticas suscitadas nas clases teóricas realizadas a través da lección maxistral. O alumnado terá á súa disposición a asistencia en clase da docente para facilitar o desempeño desta actividade. Algunhas destas prácticas poderanse realizar a través do sistema de "elaboración de traballos a través do sistema de Aprendizaxe Basada en Proxectos" (ABP) encomendados polo profesorado sobre temas relacionados coa materia e orientados a mellorar a comprensión dos contidos e competencias relacionadas coa cooperación, liderado, comunicación e fortalecemento das relacións persoais.
Estudo de casos	Estudo, análise, reflexión e exposición de casos e traballo tutelado sobre as cuestións tratadas na materia. O profesorado asistirá ao alumnado naquelas cuestións e dúbidas formuladas (en clase e a través de tutoría personalizada) para a súa elaboración.

A realización e avaliación desta proba pódese realizar a través da metodoloxía de ApS, de acordo cos liñamentos aprobados pola Área de Responsabilidade Social e cooperación e a través de proxecto de innovación docente da Facultade (toda a información sobre esta forma de supera-los estudos de casos estará dispoñible con claridade para o alumnado).

A elección entre realiza-los estudos de casos a través de traballos, ou realízalos polas metodoloxías de (ApS e Proxecto de Innovación) será voluntaria por parte do alumnado, os que serán debidamente informados desde o inicio da docencia da disciplina sobre ámbalas modalidades, a súa realización e avaliación. A docente tamén publicará esta información detallada no espazo reservado para a disciplina en Moovi.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesorado solucionará todas as cuestións e dúbidas do alumnado na propia clase onde se leva a cabo a impartición de docencia (especialmente cando a docencia sexa presencial), e tamén o alumnado (presencial/virtual) terá acceso á docente a través de tutoría presencial e/ou virtual, e/ou correo electrónico, e/ou teléfono, e/ou correo Moovi. Polo tanto, a docente resolverá tódalas dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudio e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial ou non presencial (a través das metodoloxías sinaladas).

Resolución de problemas	O profesorado solucionará todas as cuestións e dúbidas do alumnado na propia clase onde se leva a cabo a impartición de docencia (especialmente cando a docencia sexa presencial), e tamén o alumnado (presencial/virtual) terá acceso á docente a través de titoría presencial e/ou virtual, e/ou correo electrónico, e/ou teléfono, e/ou correo Moovi. Polo tanto, a docente resolverá tódalas dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudio e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial ou non presencial (a través das metodoloxías sinaladas).
Estudo de casos	O profesorado solucionará todas as cuestións e dúbidas do alumnado na propia clase onde se leva a cabo a impartición de docencia (especialmente cando a docencia sexa presencial), e tamén o alumnado (presencial/virtual) terá acceso á docente a través de titoría presencial e/ou virtual, e/ou correo electrónico, e/ou teléfono, e/ou correo Moovi. Polo tanto, a docente resolverá tódalas dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudio e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial ou non presencial (a través das metodoloxías sinaladas).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	PROBAS TIPO TEST sobre os contidos das clases teóricas da lección maxistral, para avaliar as competencias adquiridas do alumnado que inclúe 20 preguntas pechadas con catro opcións de resposta: a)b)c)d), das cal unha única resposta é a correcta ou incorrecta. Deberase obter polo menos unha puntuación favorable do 40% do total desta proba para superar a disciplina.	40	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C3 D2 A3 B3 C12 D3 A4 B4 C15 D4 A5 B5 D5
Resolución de problemas	Resolución de casos prácticos (PRÁCTICAS). O alumnado terá á súa disposición a asistencia da docente para facilitar o desenvolvemento desta actividade. Análise, reflexión e exposición de cuestións que teñan que ver coas principais problemáticas suscitadas nas clases teóricas realizadas a través da lección maxistral. O alumnado terá á súa disposición a asistencia en clase da docente para facilitar o desempeño desta actividade. Algunhas destas prácticas poderanse realizar a través do sistema de "elaboración de traballos a través do sistema de Aprendizaxe Basada en Proxectos" (ABP) encomendados polo profesorado sobre temas relacionados coa materia e orientados a mellorar a comprensión dos contidos e competencias relacionadas coa cooperación, liderado, comunicación e fortalecemento das relacións persoais.	30	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C3 D2 A3 B3 C12 D3 A4 B4 C15 D4 A5 B5 D5
Estudo de casos	(ESTUDO DE CASOS). Estudo, análise, reflexión e exposición de casos e traballo tutelado sobre as cuestións tratadas na materia. O profesorado asistirá ao alumnado naquelas cuestións e dúbidas formuladas (en clase e a través de titoría personalizada) para a súa elaboración. A realización e avaliación desta proba pódese realizar a través da metodoloxía de ApS, de acordo cos liñamentos aprobados pola Área de Responsabilidade Social e cooperación e a través de proxecto de innovación docente da Facultade (toda a información sobre esta forma de supera-los estudos de casos estará dispoñible con claridade para o alumnado). A elección entre realiza-los estudos de casos a través de traballos, ou realízalos polas metodoloxías de (ApS e Proxecto de Innovación) será voluntaria por parte do alumnado, os que serán debidamente informados desde o inicio da docencia da disciplina sobre ámbalas modalidades, a súa realización e avaliación. A docente tamén publicará esta información detallada no espazo reservado para a disciplina en Moovi. ApS é unha APRENDIZAXE EXPERIENCIAL (conectando con varios grupos a través dunha ou varias entidades públicas), preparando os estudantes para a cidadanía global e a responsabilidade social nun mundo interconectado, "glocal", especialmente en TEMAS ALIÑADOS COS ODS DA AXENDA 2030: protección do patrimonio cultural ; igualdade e non-discriminación; protección do ambiente; seguridade alimentaria (prácticas agrícolas sustentables e resilientes e diversidade xenética); a economía circular; desperdicio mundial de alimentos; problemas enerxéticos e renovables; as novas tecnoloxías e a afección ós dereitos fundamentais. O PROXECTO DE INNOVACIÓN DOCENTE tamén estará aliñado a estas temáticas da disciplina.	30	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C3 D2 A3 B3 C12 D3 A4 B4 C15 D4 A5 B5 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

A información sobre as actividades avaliativas está dispoñible no espazo da materia no campus virtual, baixo a etiqueta Avaliación de cada tema.

É condición indispensable para a realización da avaliación final da materia, a obtención do polo menos 0,5% en cada un dos puntos (Probas tipo test, Prácticas e Estudos de casos).

Como se expresou en apartados anteriores, ao longo do curso realizaranse 3 probas cunha ponderación ou valor das Probas = Probas Tipo Test (40%) + Prácticas (Resolución de Problemas) (30%) + Estudio de casos (30%). Na convocatoria ordinaria e na convocatoria extraordinaria, abrírase un decreto para que o alumnado se poida someter a estas probas a través de avaliación continua, logo da data oficial pola Facultade establecida para o "exame final". Desta maneira existe a posibilidade de realizar a avaliación (continua e/ou avaliación global) na convocatoria ordinaria e na convocatoria extraordinaria.

Na convocatoria extraordinaria (xuño/xullo) aplicaranse os mesmos criterios sinalados para a convocatoria ordinaria ou primeira convocatoria, excepto no relativo ás metodoloxías ABP, ApS e Proxecto de innovación da Facultade, as cal se deberán realizar na 1ª convocatoria ou convocatoria ordinaria (de setembro a decembro). O alumnado terá opción a presentarse á convocatoria extraordinaria (segunda convocatoria) a partir da adaptación que destas actividades realice o docente e cuxo contido será colgado da plataforma.

Esta materia é English Friendly, o cal supón o seguinte compromiso: A materia impártese en castelán pero a docente traduciu a guía docente ao inglés; Facilitaranse materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, atenderanse as titorías en inglés, si así o demandase o estudante internacional, e deseñaranse e implementaranse probas e avaliacións en inglés (todo isto realizarase si así o demandase o estudante internacional).

Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispoñer dunha FOTOGRAFÍA actualizada do alumnado que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.*

() A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma. A base de lexitimación para o tratamento deste dato realízase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPD no que o tratamento é necesario para o exercicio dos poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento baseados no artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 25.7 do RD 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario. O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos mesmos.*

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Gómez Sánchez, Yolanda, **Derechos Fundamentales**, 1ª, Aranzadi - Thomsom Reuters, 2018

Pérez Luño, Antonio Enrique, **Derechos Humanos, Estado de Derecho y Constitución**, 12ª, Tecnos, 2018

Villán Durán, Carlos y Faleh Pérez, Carmelo, **Manual de Derecho internacional de los Derechos Humanos**, 1ª, Ubijus, 2016

López Castillo, Antonio (Dir), **La Carta de Derechos Fundamentales de la Unión Europea: diez años de jurisprudencia**, 1ª, Tirant lo Blanch, 2019

Gimeno Sendra, Vicente; Torres del Moral, Antonio; Morenilla Allard, Pablo; Díaz Martínez, Manuel, **Los derechos fundamentales y su protección jurisdiccional**, 1ª, Edisofer, 2018

García Roca, Javier; Carmona Cuenca, Encarna (Editores)., **¿Hacia una globalización de los derechos : el impacto de las sentencias del Tribunal Europeo y de la Corte Interamericana**, 1ª, Cizur Menor (Navarra) : Aranzadi-Thomson Reuters, 2017

García Guerrero, José Luis y Martínez Alarcón, Mª Luz (Dir), **Constitucionalizando la Globalización**, 1ª (2 vol.), Tirant lo Blanch, 2019

Villegas Delgado, César, **Bioseguridad, bioterrorismo y derechos humanos en Derecho Internacional contemporáneo.**, 1ª, Tirant lo Blanch, 2020

Becerril Atienza, Belén y Maíllo González-Orús, Jerónimo (Coord.), y Beneyto Pérez, José María (Dir), **Tratado de derecho y política de la Unión Europea. Tomo X. Las relaciones de la Unión Europea con áreas regionales y terceros estados**, 1ª, Aranzadi, 2020

Ríos, Xulio, **La globalización china : la Franja y la Ruta**, 1ª, Popular, 2019

Osterhammel, Jürgen, **Breve historia de la globalización : del 1500 a nuestros días**, 1ª, Siglo XXI, 2019

Stiglitz, Joseph E, **El Malestar en la globalización revisitado**, 12ª, Taurus, 2018

Recomendacións
